



HISTORIA DUNHA PRANTA NA CIDADE

2º Concurso Cuentos Repsol
2º Premio en Gallego

Autora: María Díaz Meire

Año 1989

... Dis que hai editada unha
guía das árbores da cidade.

— Pois van ter que ir pensando
en facela tamén das herbas en perigo de extinción...

● COMO TE CHAMAS



● EU CALÉNDULA, E TI?

● EU NON TEÑO NOME

Fai moito que estás a vivir nesta cidade?

Verás:

A causa foi que aquí vivía unha pranta que lle
chamaban ROSEIRA —que sei ca veu de fora—

A roseira chegou un día no que o sol ergueuse
tímido, entre nubes aceiradas de mil formas, entre
orballos variabres que asombrecían, ás veces, o día;
ata que ó fin ocupou o seu sitio entre as nubes e
brilou con toda a forza que lle era posible.



... E debeu ser bastante, porque a roseira sentiase moi leda de chegares alí.

Engordaba, medraba e brotaba chea de orgullo e vanidade

¡Daba xenio vela!

E pasaron horas, días, semanas,... Pouco a pouco, sen se dar moito de conta, veu con abraio, coma unha grande e fermosa flor abríase dun dos seus capullos



A flor chamábase ROSA e estaba vestida de frescura e color. Unha color irisada, deslumbradora, centexeante coma a color dunha mirada, ou a color dunha sonrisa, ou dunha fermosa lembranza.

Ao primeiro a Rosa estaba ledísima por vivir naquela cidade; non daba visto..., todo era novo.

— Isto é a cidade? —preguntou—

— Sí, contestoulle a roseira. ¡Xa verás o que aprendes!

E pasaron horas, días, semanas,...

E a rosa, —como indo e vindo— ollaba e reollaba todo con aires de grandeza; coma se fose a dona, a

raíña da ciade.

— Son a flor máis fermosa de todo o xardín.
Ninguén pode competir coa miña beleza e elegancia.

— Son a flor máis fermosa do xardín —repetía—
E así unha e outra vez.

Pero un día, o sol non chegou...

O seu sitio de entre as nubes volveuse gris...

E a roseira empezou a sentir friaxe,

A rosa mirou cara enriba e veu que de dentro das
nubes, —coma si choraran caían gotas de auga.



Eranche gotas que, tamén —coma a roseira—,
viñán de fora.

Eran gotas viaxeiras:
vian países.
coñecían xentes
observaban paisaxes...,
e, dende o ceo, saudaban ás compañeiras que
andaban a facer os mares,
os ríos,
os lagos,...

Falaban tan entretidas que caseque no se deron
conta que estaba a caer enriba da roseira.

Contaban do que lles ocorrira na cidade: unhas
foran parar a charcos, outras as alcantarillas, e
mancharonse todas, outras apagaron incendios, as
máis foron por largos tubos e fixeron moitas cousas:
lavarón,
cociñaron,
regarón,...

e, mesmo algunhas, atopáronse dentro dos
homes.

Nesta conversa fóronse xuntando de xeito que
formaron coma unha pingueira que, empuxada polo
vento, filtrouse na terra ata encontrar paradeiro, era
unha capa demasiado dura,... e tivo que deterse.

E pasaron as horas, os días, as semanas,...

De cando en vez saía un raoliño de sol.
Pouca forza debía ter, xa que a roseira seguía a

ter frío; o calor non lle chegaba.

— De seguires así voume acatarrar —pensou a roseira—

... E así foi.

A rosa, cos pes sempre mollados, escomenzou tamén fluaxear.

Ela, que cría que sempre ía ser a máis fermosa e diña, chea de elegancia e distinción.

As follas, tan tersas e brillantes íanse volvendo débiles e pálidas.

— Ten tino ao sair! —advirteulle a roseira—. Agora eu non te pododo defender.

Esos bárbaros vante tolear...

¡Coidate deles!

Nembargantes, a rosa saíu. Gustáballe o barullo da cidade,...

os ruidos dos coches,

os gases dos tubos de escape,

os berros dos pequenos no parque,

o runxe, runxe dos insectos.

o ruxir das follas

o ir e vir dos narices cheirando o seu perfume

e, ata o can que tódolos días regaba co seu mexo.

... Pero o que máis lle gustaba, o que facía máis vanidosa, eran os piropos

que lle botaban o pasar:

que fermosa é,...

que cor ten,...
que feitiña,...

Ela sentíase ben na
cidade.

Unha mañá ao abrir os ollos mirou ó seu redor,
e non veu nada.

Unha grosa capa de fume, algo coma unha
borraxeira, a envolvía,
algo que non coñecía,
algo que se lle metía dentro.

... Era máis auga, era a chuvia que, facéndose
misterios a convertíase na néboa. Estaba incomoda,
e crendo que non había ninguén, exclamou decepcio-
nada:

— ¡Agh!, que tempo. E que non para nunca de
chover aquí?

. Ata que remate o inverno non. —contesteille—
E ti, quén es e de onde vés.

. Eu, non teño casa,
son como os paxaros,
como os homes que non teñen traballo,
nen terra,

nen casa patria,
como o vento,
como a gota do mar que se evapora, e logo faise
chuvia para ir ó río, e logo ó mar, e ... iniciar de novo
o seu camiño a ningures,... ao principio.

Eu, son caseque naide, para os máis nada.

Ninguén se percata que estou aquí embaixo,
cubrindo a terra, facendo céspede, axudando a respi-
rar e limiar o ar.

A min pisanme,
cortanme,
arrincanme,...

dáselles por dicir que son má e velaités.

— ¿Ah! —dixo a rosa—, xa sen cor e caseque sen
vida. ¿Ti eres unha herba má! —con tono despreciativo.

Mírei a roseira e, de súpeto, sen me dar conta
cómo...

● ONDE CHE VAN AS FLORES?



● ISO XA LLO DICIAN
A MIÑA AVOA

● MALA HERBA NUNCA MORRE

O meu pasmo foi total. Antes vanidosa, orgullosa
prepotente,...

E, agora, chea de debilidade, angustia e morte.



● VALE MAIS SER
HERBA MALA

... Esta é pois, amiga miña, a historia...

Coma vés, e moito mellor pasar inadvertido que facerse notar en demasía.

— Tes razón; —dixo a caléndula— o mundo eche dos discretos.



● NON CHE HAI COMA
UNHA MALA HERBA

● ¡QUE DEUS
ME CONSERVE!